



### Catequese de Confirmación

A Confirmación, o Bautismo e a Eucaristía son os Sacramentos da iniciación cristiá.

A Confirmación é o Sacramento que completa o bautismo. Mediante a Confirmación cualifícase o cristiá para ser testemuña de Cristo e membro comprometido da comunidade eclesial.

O don do Espírito Santo é a forza do Alto na que o cristiá realiza a graza do seu bautismo a través da súa vida, e con esa forza chegamos a estar comprometidos coa nosa fe.

### Requisitos e Condicións de Confirmación

A Catequese de Confirmación na Parroquia da Milagrosa organízase en tres niveis.

- ▲ Nenas e nenos de 9 a 12 anos.
- ▲ Nenas e nenos maiores de 13 anos.
- ▲ Persoas maiores de 18 anos.

Son procesos distintos en función da idade.

### Nenas e nenos de 9 anos e que acaban de recibir a Primeira Comunión.

- De acordo coas indicacións do Sr. Bispo da Diocese, serán tres cursos de preparación a Confirmación.
- As nenas e nenos teñen así a oportunidade dun achegamento paulatino á Igrexa e á vivencia da fe. A Catequese axuda a integrar a fe no desenrolo normal do crecemento.
- Parte fundamental da Catequese é a participación na Eucaristía Dominical, que se completará con reunións periódicas de grupo os domingos ás 11:30h. para logo participar todos xuntos na Eucaristía de 12:30h.
- É necesaria a participación dun número determinado de días por cada trimestre na Eucaristía Dominical da Parroquia.

- A maiores temos prevista algunha reunión coas nais, pais e catecúmenas/os a fin de ofrecer materiais e recursos para poder traballar na casa e fortalecer a igrexa doméstica.
- As catequistas estarán a disposición das familias na tarefa da catequese e serán as persoas de enlace coa comunidade parroquial.

## **Nenas e nenos maiores de 13 anos.**

- A preparación ten unha duración de 2 cursos.
- As nenas e nenos teñen así a oportunidade dun achegamento paulatino á Igrexa e á vivencia da fe. A Catequese axuda a integrar a fe no desenrolo normal do crecemento.
- Parte fundamental da Catequese é a participación na Eucaristía Dominical, que se completará con reunións periódicas de grupo os domingos ás 11:30h. para logo participar todos xuntos na Eucaristía de 12:30h.
- É necesaria a participación dun número determinado de días por cada trimestre na Eucaristía Dominical da Parroquia.
- A maiores temos prevista algunha reunión coas nais, pais e catecúmenas/os a fin de ofrecer materiais e recursos para poder traballar na casa e fortalecer a igrexa doméstica.
- As catequistas estarán a disposición das familias na tarefa da catequese e serán as persoas de enlace coa comunidade parroquial.

## **Persoas maiores de 18 anos.**

- A preparación será mais personalizada dependendo das posibilidades en cada caso.

**En tódolos casos, é un requisito indispensable estar bautizado.**

## **Uso das Novas Tecnoloxías e Redes Sociais**

- Apoiarémonos nas novas tecnoloxías para manter un contacto e comunicación fluída coas familias. A través da páxina web, canal de Youtube, conta de Instagram, conta de Whatsapp, correo electrónico, e calquera outro medio que creamos que pode axudar na vivencia da fe e na participación da vida comunitaria, así como todo o relacionado cos sacramentos da iniciación cristiá:

- ⇒ A **páxina web** [www.parroquiamilagrosa.es](http://www.parroquiamilagrosa.es) recolle toda a estrutura da comunidade parroquial. A través deste portal temos acceso ós perfís de redes sociais, ó correo electrónico e a todo o relativo ás celebracións litúrxicas, eventos e campañas da parroquia.
- ⇒ O canal de **Youtube** “**Parroquia da Milagrosa**” está a disposición das familias e do público en xeral, e nel, periódicamente, iremos debullando material catequético.
- ⇒ A conta de **Instagram** “**parroquiadamilagrosa**” e a conta de **Whatsapp** da parroquia son ferramentas que nos permiten unha maior inmediatez nos anuncios de actividades e celebracións, resolver dúbidas e transmitir de maneira amena e constante ideas e materiais para a reflexión e o apoio da fe.

## Material

O material que se usará na catequese de Confirmación será:

- ⇒ **Nenas/os de 9-12 anos.** “Youcat para niños. Catecismo católico para niños y padres”. *Editorial Encuentro.*
- ⇒ **Nenas/os maiores de 13 an os.** “Youcat. Libro de catequesis para la Confirmación”. *Editorial Encuentro.*
- ⇒ Páxina web <https://recursos.catequesisdegalicia.com/>

## A Confirmación

A data de Confirmación é fixada polo Sr. Bispo da Diócese. Comunicarase ós confirmandos e as súas familias en canto a coñeza a Parroquia.

Os días previos á Confirmación haberá unha preparación intensiva. Do mesmo modo, teremos unha celebración penitencial para os confirmandos e as familias.

Enviarase comunicación ás familias dos confirmandos -se son menores- e os adultos inscritos en catequese, das celebracións e actividades da Parroquia que se considere que axuden a vivir, celebrar a fe e a súa comprensión; así como aquelas iniciativas que axuden e promovan a participación eclesial. As comunicacións faranse principalmente por medios electrónicos (correo electrónico, whatsapp, etc)

REUNIÓN INFORMATIVA COAS NAIS E PAIS

**VENRES 22 DE OUTUBRO**

**20:15h** [Igrexa Parroquial]

**COMEZO CATEQUESE**

**DOMINGO 24 DE OUTUBRO**

**Misa 12:30h**

## **HORARIO DE MISA**

**DIARIA: 19:30**

**DOMINGOS: 10:00**

**11:30**

**12:30**

**18:30**

---

Os horarios están suxeitos a posibles cambios

A programación de Catequese será revisada  
periodicamente

Se houbese algún cambio sempre se notificará con  
antelación.

**Parroquia da Milagrosa.** Praza da Milagrosa s/n, 27003, Lugo.


982.21.42.65. | [milagrosa@parroquiamilagrosa.es](mailto:milagrosa@parroquiamilagrosa.es) | [www.parroquiamilagrosa.es](http://www.parroquiamilagrosa.es)



# FICHA 2020-2021

## CONFIRMACIÓN

Curso de catequese: .....  
Catequista no curso anterior: .....



Nome .....  
Apelidos.....  
Data de nacemento: ..... de..... do ..... , en.....  
Enderezo:....., n°:....., piso:.....  
Localidade: .....  
Correo Electrónico .....  
Pai/ titor do menor: ..... Tfno:.....  
Nai/ titora do menor: ..... Tfno:.....  
Data de bautismo: ..... de..... do....., na Parroquia de.....  
..... Colexio:.....

\*Persoas autorizadas para recoller ó menor: *[No caso de actividades presenciais]*

1-.....  
2-.....

Indiquen neste apartado marcando a casilla correspondente se autorizan que o menor poida saír só ó seu domicilio:

Autorizamos que o menor poida saír só ó seu domicilio.

**Declaramos coñecer e aceptar as condicións e requisitos da comunidade parroquial da Milagrosa relativas á catequese de Confirmación e que nos foron entregadas xunto con esta ficha de inscrición.**

**Así mesmo comprometemos a cumprir as condicións sinaladas no devandito documento e desexamos que o noso/a fillo/a participe na catequese parroquial da Milagrosa.**

Fdo, : \_\_\_\_\_  
(Nome e Apelidos Nai ou titora do Menor)

Fdo, : \_\_\_\_\_  
(Nome e Apelidos Pai ou titor do Menor)

<sup>1</sup>No caso de firma por un só proxenitor, este declara coñecer e asumir que calquera decisión que exceda ás relativas ó exercicio da patria potestade ordinaria ha de ser tomada de común acordo por ambos proxenitores.

<sup>2</sup>De igual modo esta decisión queda condicionada ó coñecemento e conformidade do outro proxenitor/a.

### **Información básica sobre protección de datos:**

Responsable: PARROQUIA DA MILAGROSA

Finalidades: Xestionar e tramitar a solicitude de inscrición e o posterior seguimento da participación nos cursos de catequese impartidos na parroquia. Realizar comunicacións a través do correo electrónico e outros medios electrónicos das xestións solicitadas e información sobre actividades que poidan resultar do seu interese.

Finalidades que requiren consentimento:  CONSINTO o envío de comunicacións por vía electrónica sobre actividades e actos organizados pola PARROQUIA DA MILAGROSA que poidan resultar do meu interese, incluíndo a transferencia de datos relacionado co uso de APPS de terceiros e a revelación do número a participantes dos grupos onde se inclúa o interesado.

Lexitimación: Consentimento do interesado.

Destinatarios: Non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal.

Finalidades que requiren consentimento:  NON CONSINTO o envío de comunicacións por vía electrónica sobre actividades e actos organizados pola PARROQUIA DA MILAGROSA que poidan resultar do meu interese.

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos en [www.parroquiamilagrosa.es](http://www.parroquiamilagrosa.es)

**Parroquia da Milagrosa.** Praza da Milagrosa s/n, 27003, Lugo.

982.21.42.65. | [milagrosa@parroquiamilagrosa.es](mailto:milagrosa@parroquiamilagrosa.es) | [www.parroquiamilagrosa.es](http://www.parroquiamilagrosa.es)